

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**3032** *Real decreto 135/2010, do 12 de febreiro, polo que se derrogan disposicións relativas aos criterios microbiolóxicos dos produtos alimenticios.*

A partir do 1 de xaneiro de 2006 entraron en vigor unha serie de disposicións comunitarias relativas á hixiene dos produtos alimenticios agrupadas en dous bloques. O primeiro refírese ás responsabilidades dos operadores económicos sobre a base do Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, e do Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal. O segundo bloque refírese ás actuacións das autoridades competentes e ten as súas bases sentadas noutras dúas disposicións, o Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais, e o Regulamento (CE) n.º 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas para a organización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano.

Inmediatamente, tras a adopción destes dous piares para a produción e comercialización segundo normas hixiénicas de todos os alimentos, a Comisión iniciou os traballos de desenvolvemento dos citados regulamentos e aprobou, mediante o procedemento de comitoloxía, medidas de aplicación sobre aspectos concretos dos regulamentos.

Entre as medidas adoptadas, figura o Regulamento (CE) n.º 2073/2005 da Comisión, do 15 de novembro de 2005, relativo aos criterios microbiolóxicos aplicables aos produtos alimenticios, que supón un cambio significativo no enfoque sobre a aplicación destas medidas na xestión de riscos, seguindo os «Principios para o establecemento e a aplicación de criterios microbiolóxicos aos alimentos» da Comisión do Codex Alimentarius, adoptados no ano 1997. A definición de todo criterio microbiolóxico debe estar baseada na determinación formal previa do risco e incluír os seguintes compoñentes: unha descrición dos microorganismos que suscitan preocupación e/ou das súas toxinas/metabolitos e o motivo desa preocupación, os métodos analíticos para a súa detección e/ou cuantificación, un plan que defina o número de mostras de campo que hai que tomar e a magnitude da unidade analítica, os límites microbiolóxicos que se consideran apropiados para o alimento no punto ou puntos especificados da cadea alimentaria, e o número de unidades analíticas que se deben axustar a eses límites.

No ámbito nacional, o Real decreto 640/2006, do 26 de maio, polo que se regulan determinadas condicións de aplicación das disposicións comunitarias en materia de hixiene, da produción e comercialización dos produtos alimenticios, derogou todas as disposicións nacionais que incorporan ao dereito español as directivas derogadas mediante este paquete de regulamentos. Con iso, derrogáronse os criterios microbiolóxicos recollidos no dereito nacional como consecuencia da transposición da normativa comunitaria, anteriores á aprobación do Regulamento (CE) n.º 2073/2005 da Comisión, do 15 de novembro de 2005, relativo aos criterios microbiolóxicos aplicables aos produtos alimenticios.

Porén, non se derrogaron expresamente as disposicións relativas aos criterios microbiolóxicos que se desenvolveran a nivel nacional, principalmente na década dos oitenta. Convén derrogar estas disposicións xa que perderon a súa vixencia total ou parcialmente, con base nos principios internacionalmente recoñecidos sinalados anteriormente e incorporados ao Regulamento (CE) n.º 2073/2005 da Comisión, do 15 de

novembro de 2005, relativo aos criterios microbiolóxicos aplicables aos produtos alimenticios.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, así como os sectores afectados, e emitiu o seu preceptivo informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade e Política Social e da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 12 de febreiro de 2010,

#### DISPOÑO:

Artigo único. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as seguintes disposicións:

a) Artigo 12 do Real decreto 2685/1976, do 16 de outubro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de preparados alimenticios para réximes dietéticos e/ou especiais.

b) Letra c) do artigo 12 do Real decreto 2419/1978, do 19 de maio, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de produtos de confeitaría-pastelería, bolaría e repostaría.

c) Número 2 do artigo 15 do Real decreto 1011/1981, do 10 de abril, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de graxas comestibles (animais, vexetais e anhidras), margarinas, minarinas e preparados graxos.

d) Punto 3 do número 5.2 do anexo do Real decreto 1124/1982, do 30 de abril, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, fabricación, circulación e comercio de galletas.

e) Punto 5 do número 6 do anexo do Real decreto 1787/1982, do 14 de maio, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración e venda de turróns e mazapáns.

f) Punto 6 do número 1 do artigo 13 do Real decreto 1424/1983, do 27 de abril, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a obtención, circulación e venda do sal e salmoiras comestibles.

g) Número 6 dos anexos 1, 2 e 3 da Orde do 29 de xuño de 1983 pola que se aproban as normas de calidade para xamón cocido e friame de xamón, paleta cocida e friame de paleta e magro de porco cocido e friame de magro de porco.

h) Puntos 8.1 do anexo 1 e 8.1 do anexo 2, da Orde do 12 de xullo de 1983 pola que se aproban as normas xerais de calidade para a nata e nata en po con destino ao mercado interior.

i) Punto 8.1 do anexo da Orde do 20 de outubro de 1983 pola que se aproba a norma xeral de calidade para o leite concentrado destinado ao mercado interior.

j) Número 9 do artigo 12 do Real decreto 380/1984, do 25 de xaneiro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración e venda de xaropes.

k) Número 7.1 da Orde do 12 de marzo de 1984 pola que se aproba a norma de calidade para xelatinas comestibles destinadas ao mercado interior.

l) Número 3 dos artigos 9, 10, 11 e 12, e número 2 do artigo 13 do Real decreto 858/1984, do 28 de marzo, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de prebes de mesa.

m) Punto 5 do artigo 11 do Real decreto 1286/1984, do 23 de maio, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio das fariñas e sémolas de trigo e outros produtos da súa moenda, para consumo humano.

n) Punto 7 do número 1 do artigo 15 do Real decreto 2242/1984, do 26 de setembro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de condimentos e especias.

- o) Punto 6.1 do anexo da Orde do 14 de xaneiro de 1986 pola que se aproba a norma de calidade para carnes picadas de vacún, ovino e porcino destinadas ao mercado interior.
- p) Número 8.1 da Orde do 11 de febreiro de 1987 pola que se modifica a norma xeral de calidade para o leite en po.
- q) Punto 4 do número 1 do artigo 11 do Real decreto 1094/1987, do 26 de xuño, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, fabricación, circulación e comercio de cereais en flocos ou expandidos.
- r) Número 8.1 do anexo da Orde de 14 de xaneiro de 1988 pola que se aproba a norma xeral de identidade e pureza para o callo e outras enzimas coagulantes de leite destinados ao mercado interior.
- s) Artigo 7 do Real decreto 1338/1988, do 28 de outubro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración e venda de orchata de chufa.
- t) Número 7 do artigo 15 do Real decreto 126/1989, do 3 de febreiro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración e comercialización de patacas fritas e produtos de aperitivo.
- u) Orde do 2 de agosto de 1991 pola que se aproban as normas microbiolóxicas, os límites de contido en metais pesados e os métodos analíticos para a determinación de metais pesados para os produtos da pesca e da acuicultura.
- v) Número 1 do artigo 15 do Real decreto 1810/1991, do 13 de decembro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercialización de caramelos, goma de mascar, confeitos e lambetadas.
- w) Número 4 do artigo 7 e anexo II do Real decreto 618/1998, do 17 de abril, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de xeados e mesturas envasadas para conxelar.
- x) Número 7 do artigo 4 e anexo do Real decreto 2452/1998, do 17 de novembro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, distribución e comercio de caldos, consomés, sopas e cremas.
- y) Números 11 e 12 do artigo 6 e anexo do Real decreto 3484/2000, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de febreiro de 2010

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,  
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ